

DIARIO

11 de diciembre, 1818

Quiero empezar hoy mis reflexiones a solas con este diario con unos acontecimientos que hicieron de este 1818 un año triste para mí. Después de la alegría y satisfacción que supuso para mí ganar por oposición la cátedra de Matemáticas Sublimes, en sustitución de mi admirado profesor don Xosé Rodríguez González, intentaron apartarme de ella por la denuncia de algunos de mis alumnos que me vi obligado a suspender por no encontrar en ellos la dedicación, trabajo y amor a la ciencia que requiere la asignatura. A pesar de darles clases complementarias y no impartirlas en latín, porque sé que no lo entienden, no se esfuerzan en la adquisición de los conocimientos necesarios para aprobar.

Este hecho me hace sentir una gran angustia y tristeza, aunque, para qué negarlo, también enfado e indignación ya que por desgracia no obtengo los resultados esperados.

15 de diciembre, 1818

Después de asistir al entierro de mi madre en Noia, aún no me puedo creer que se haya ido de mi vida, de mis manos, dejando mi corazón tan vacío, es para mí una injusticia que nuestro señor se la haya llevado. Este hecho crea en lo más profundo de mis sentimientos una gran angustia que no sé como hacerla cesar para poder regresar a mis clases y a la idea de las mediciones, para levantar la Carta Geográfica de Galicia de la forma más precisa posible. Yo soy un hombre de palabra y voy hacer un mapa de Galicia riguroso y exacto.

Al volver me encontré la desagradable noticia de la denuncia de mis alumnos, lo que agravó mi pena y decepción. Pero no soy hombre de darme por vencido y voy a enfrentarme con valor a la adversidad.

Me vi obligado a suspender a 108 de mis 182 alumnos, por eso me denunciaron. Me acusan de duro, colérico y exaltado y de tener trato de favor

hacia los alumnos que acuden a mis pasantías particulares, incluso me acusan de agredir a un estudiante, y por si esto no bastase también recibí una denuncia acusándome de mi militancia liberal, pero no puede ser de otra forma si queremos ver progresar a España y Galicia. Fernando VII no puede ser un rey absoluto, tenemos que dejar entrar las ideas llegadas de la ilustración francesa. Poco se habla de que no imparto las clases en latín, ni de que los estudiantes pasan más tiempo en los bares que en la facultad. Estas costumbres del alumnado sin duda perjudican el saber y a la Universidad. Estos alumnos de familias de bien de Santiago quieren un trato de favor que yo no les voy a proporcionar.

Como no quiero perder mi cátedra me voy a defender. La Universidad está influida por las familias importantes y no está comprometida con el conocimiento. Continuamente recibo presiones y recomendaciones para aprobar las matemáticas de algunos alumnos que apenas saben las cuatro reglas.

Por si alguien duda de mi justicia, voy a ofrecer a los estudiantes presentarse a un nuevo examen de repesca en el cual serán evaluados por un grupo de peritos en Aritmética, Álgebra y Geometría.

19 de diciembre, 1818

La Universidad aceptó mi propuesta y los alumnos fueron convocados a un examen extraordinario pero ninguno se presentó, quedando probada mi justicia y neutralidad a la hora de evaluarlos.

La denuncia se resolvió a mi favor pero no consigo alegrarme de ver que muchos universitarios no aman la ciencia y los avances. No encuentro en ellos la motivación por el conocimiento necesario para avanzar y traer el progreso a Galicia.

23 de diciembre, 1818

El contratiempo sufrido en mi tarea como docente, se vio compensado con el nombramiento de miembro de la Junta para repartir los tributos en Santiago y crear una estadística para Galicia. Esto hizo que en mi cabeza tuviese más fuerza la idea que ya tenía desde que mi ilustre profesor me la propusiera, la idea de crear la "Carta Geométrica de Galicia" y que ahora siento como una necesidad, algo que Galicia necesita para poder avanzar y progresar. Mi maestro me facilitará el material más moderno, comprado en París y Londres para la Universidad. Con él llevaré a cabo la triangulación geográfica de Galicia. Comenzaré con la posición de la Torre del Reloj de la catedral de Santiago y a partir de allí iré triangulando y midiendo el resto de Galicia.

30 de diciembre, 1818

Ahora que este año va a finalizar quiero hacer una reflexión. Fue un año con adversidades que hicieron de mí una persona más fuerte para seguir trabajando y llevar a cabo mis proyectos.

La incompreensión que encontré a mi alrededor supuso para mí una decepción, pero también sirvió para afianzar mis ideas y convencerme de la necesidad de trabajar por el progreso e intentar, a través de mis clases, abrir la mente de mis discípulos.

Ellos son el futuro y el progreso, y yo quiero contribuir a que vean su luz en la ciencia. Tenemos la obligación de mejorar nuestra forma de vida y sólo con el conocimiento lo vamos a lograr.

DIARIO

11 de decembro, 1818

Quero comezar hoxe as miñas reflexións a soas con este diario cuns acontecementos que fixeron deste 1818 un ano triste para min. Despois da

ledicia e satisfacción que supuxo para min gañar, por oposicións, a cátedra de Matemáticas Sublimes, en substitución do meu admirado profesor don Xosé Rodríguez González, intentaron apartarme dela polas denuncias dalgúns dos meus alumnos que me vin obrigado a suspender por non encontrar neles a dedicación, traballo e amor á ciencia que require a materia. A pesar de darlles clases complementarias e de non impartilas en latín, porque sei que non o entenden, non se esforzan na adquisición dos coñecementos necesarios para aprobaren.

Este feito faime sentir unha grande angustia e tristeza, aínda que, para que negalo, tamén enfado e indignación xa que, por desgraza, non obteño os resultados esperados.

15 de decembro, 1818

Despois de asistir ao enterro de miña nai, en Noia, aínda non podo crer que marchase da miña vida, das miñas mans, deixando o meu corazón tan baleiro, para min é unha inxustiza que noso señor a levase. Este feito crea, no máis profundo dos meus sentimentos, unha grande angustia que non sei como facela cesar para poder voltar ás miñas clases e á idea das medicións, para levantar a Carta Xeográfica de Galicia da forma máis precisa posible. Eu son un home de palabra e vou facer un mapa de Galicia rigoroso e exacto.

Ao voltar, encontrei a desagradable noticia da denuncia dun dos meus alumnos, o que agravou a miña pena e decepción. Pero non son home de darse por vencido e vou encarar con valor a adversidade.

Vinme na obriga de suspender 108 dos meus 182 alumnos, por iso me denunciaron. Acusáronme de duro, colérico e exaltado e de ter trato de favor cara aos alumnos que acoden ás miñas pasantías particulares, incluso me acusan de agredir a un estudante e, por se isto non bastase, recibín unha denuncia acusándome da miña militancia liberal, pero non pode ser doutra forma se queremos ver progresar España e Galicia. Fernando VII non pode ser un rei absoluto, temos que deixar entrar as ideas chagadas da Ilustración

francesa. Pouco se fala de que non imparto as clases en latín, nin de que os estudantes pasan máis tempo nos bares que na facultade. Estes costumes do alumnado, sen dúbida, prexudican o saber e á Universidade. Estes alumnos de familias de ben de Santiago queren un trato de favor que eu non lles vou proporcionar.

Como non quero perder a miña cátedra, vou defender. A Universidade está influída polas familias importantes e non está comprometida co coñecemento. Continuamente recibo presións e recomendacións para aprobar as matemáticas dalgúns alumnos que apenas coñecen as catro regras.

Por se alguén dubida da miña xustiza, vou ofrecer aos estudantes poder presentarse a un novo exame de *repesca* no cal serán avaliados por un grupo de peritos en Aritmética, Álgebra e Xeometría.

19 de decembro, 1818

A Universidade aceptou a miña proposta e os alumnos foron convocados a un exame extraordinario, pero ningún se presentou quedando probada a miña xustiza e neutralidade á hora de avalialos.

A denuncia resolveuse ao meu favor, pero non consigo alegrarme de ver que moitos universitarios non aman a ciencia nin os avances. Non encontro neles a motivación polo coñecemento necesario para avanzar e traer o progreso a Galicia.

23 de decembro, 1818

O contratempo sufrido na miña tarefa como docente, viuse compensado co nomeamento de Membro da Xunta para repartir os tributos en Santiago e crear unha estatística para Galicia. Isto fixo que na miña cabeza tivese máis forza a idea que xa tiña dende que o meu ilustre profesor ma propuxera, a idea de crear a *Carta Xeométrica de Galicia* e que agora sinto como unha necesidade, algo que Galicia necesita para poder avanzar e progresar. O meu maestro facilitárame o material máis moderno, comprado en París e Londres para a Universidade. Con el levarei a cabo a triangulación xeográfica de Galicia.

Comezarei coa posición da Torre do Reloxo da catedral de Santiago e, a partir de aí, irei triangulando e medindo o resto de Galicia.

30 de decembro, 1818

Agora que este ano vai finalizar, quero facer unha reflexión. Foi un ano con adversidades que fixeron de min unha persoa máis forte para seguir traballando e levar a cabo novos proxectos.

A incompreensión que encontrei ao meu arredor supuxo para min unha decepción, pero tamén serviu para afianzar as miñas ideas e convencerme da necesidade de traballar polo progreso e intentar, a través das miñas clases, abrir a mente dos meus discípulos.

Eles son o futuro e o progreso, e eu quero contribuír a que vexan a súa luz na ciencia.

Temos a obrigaón de mellorar a nosa forma de vida e só co coñecemento o imos lograr.

Fragmentos elixidos:

-11 de decembro de 1818: Este 1818 é un ano triste para min.

-15 de decembro de 1818: Deixando o meu corazón vacío.

-19 de decembro de 1818: Non consigo alegrarme de ver que moitos universitarios non aman a ciencia nin os avances.

-23 de decembro de 1818: Isto fixo que na miña cabeza tivese máis forza a idea que xa tiña.

-30 de decembro de 1818: A incompreensión que encontrei ao meu arredor supuxo para min unha decepción.

